

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

ETS DE ENXEÑARÍA DE MINAS

Aprobado pola Xunta de Escola da ETSE de Minas na súa sesión do 6 de outubro de 2015

Aprobado polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo na súa sesión do 29 de outubro de 2015

Capítulo I:

Normas xerais

Capítulo II:

Da composición da Xunta de Escola

Capítulo III:

Da convocatoria e funcionamento do Pleno da Xunta de Escola

Capítulo IV:

Da Comisión Permanente, delegada da Xunta de Escola

Capítulo V:

Das funcións da Comisión Permanente da Xunta de Escola

Capítulo VI:

Da convocatoria e funcionamento da Comisión Permanente da Xunta de Escola

Capítulo VII:

Da Comisión de Garantía Interna de Calidade

Capítulo VIII:

Das funcións da Comisión de Garantía Interna de Calidade

Capítulo IX:

Da convocatoria e funcionamento da Comisión de Garantía Interna de Calidade

Capítulo X:

Dos órganos unipersoais de goberno

Capítulo XI:

Das Xuntas de Titulacións e Das Comisións Académicas dos Mestrados

Capítulo XII:

Do fomento das actividades da Delegación de Alumnado da Escola

Capítulo XIII:

Da aprobación e reforma deste regulamento

Disposición transitoria

Disposición derradeira

CAPÍTULO I

NORMAS XERAIS

Artigo 1.

A Xunta de Escola é o órgano colexiado de representación, decisión e control do centro, coas competencias atribuídas polos Estatutos da Universidade de Vigo e polo presente regulamento.

Artigo 2.

- 1. As decisións tomadas pola Xunta de Escola, en materia da súa competencia, adoptarán a forma de acordos, mocións ou propostas.*
- 2. Só os acordos vinculan o/a director/a no exercicio das súas competencias.*
- 3. Os acordos da Xunta de Escola son susceptibles de recurso de alzada nun prazo dun mes perante o Consello de Goberno, esgotando a vía administrativa, e son posteriormente recorribles pola vía contencioso-administrativa. A interposición do recurso poderá suspender a execución do acto ou disposición impugnados cando, do contrario, poidan producirse danos de imposible ou difícil reparación, sempre que o interese público non se vexa prexudicado pola falta de execución inmediata.*

Artigo 3.

Serán nulos os acordos adoptados sobre asuntos non incluídos na orde do día, sen prexuízo do previsto no artigo 26.3 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 4.

- 1. A proposta da Xunta de Escola, poderán ser invitados ás súas reunións, con voz pero sen voto, todos aqueles membros da comunidade universitaria que estean interesados en asuntos específicos e que poidan resultar afectados polos mesmos.*
- 2. En todo caso as sesións da Xunta de Escola estarán abertas a todos os membros da comunidade universitaria. A este efecto, habilitaranse prazas perfectamente delimitadas e separadas, sempre que o local o permita.*
- 3. Cando a natureza dos asuntos que se van tratar o requiran, o/a director/a poderá convocar as sesións da Xunta de Escola, con voz pero sen voto, a persoas que poidan estar directa ou indirectamente relacionadas cos asuntos que se van tratar. De todos os xeitos, antes da intervención da persoa convocada, o/a director/a solicitará o praxe da Xunta de Escola.*

Artigo 5.

Os acordos da Xunta de Escola serán executados polo/a director/a e, no caso de que delegue, velará pola execución destes.

Artigo 6.

A normativa estatal básica sobre o procedemento administrativo común en materia de funcionamento dos órganos colexiados será supletoria en todos aqueles aspectos non previstos nos Estatutos da Universidade de Vigo nin neste regulamento.

CAPÍTULO II

DA COMPOSICIÓN DA XUNTA DE ESCOLA

Artigo 7.

O Pleno da Xunta de Escola, conforme o establecido no artigo 42 dos Estatutos, estará composto por:

- a) O equipo directivo do centro.*
- b) Todo o profesorado con vinculación permanente á Universidade, que constituirá o 51% da Xunta de Escola.*
- c) Unha representación do persoal docente e investigador sen vinculación permanente á Universidade, que corresponderá ao 9% da Xunta de Escola. En calquera caso, polo menos o 80% corresponderá ao persoal docente e investigador con dedicación a tempo completo.*
- d) Unha representación do alumnado, que constituirá o 30% da Xunta de Escola.*
- e) Unha representación do persoal de administración e servizos, que constituirá o 10% da Xunta de Escola.*

Artigo 8.

Os membros electos da Xunta de Escola serán renovados cada dous anos.

Artigo 9.

Se algún dos representantes renunciase ao seu posto durante o período de representación, este será ocupado polo que obtivese máis votos nas eleccións correspondentes sen chegar a ser elixido.

Artigo 10.

Son funcións da Xunta de Escola as que figuran no artigo 43 dos Estatutos da Universidade de Vigo.

Artigo 11.

- 1. A Xunta de Escola será convocada e presidida polo/a director/a ou quen o substitúa.*
- 2. En caso de ausencia, enfermidade ou calquera outra causa de forza maior que impida a súa asistencia, o/a director/a poderá ser substituído por un dos/as subdirectores/as, e o/a secretario/a por un membro da Xunta de Escola designado polo/a director/a.*

CAPÍTULO III

DA CONVOCATORIA E FUNCIONAMENTO DO PLENO DA XUNTA DE ESCOLA

Artigo 12.

As sesións da Xunta de Escola poden ser ordinarias ou extraordinarias.

- 1. As sesións ordinarias teranse que celebrar polo menos unha vez ao trimestre.*
- 2. As sesións extraordinarias estarán dedicadas a tratar un só tema ou varios temas de natureza complementaria.*

Artigo 13.

- 1. A convocatoria da Xunta de Escola correspóndelle ao/á director/a.*
- 2. O/A director/a deberá, así mesmo, convocar a Xunta de Escola cando sexa solicitada, cando menos, por un 20% dos membros da Xunta de Escola. Os/As solicitantes deberán indicar tamén, no escrito de solicitude, o punto ou puntos que desexen tratar na sesión.*
- 3. Para que a convocatoria produza efecto deberase poñer en coñecemento de todos os seus membros, mediante correo electrónico no que se fará constar a orde do día e o día, hora e lugar da reunión.*
- 4. Dita convocatoria, coa orde do día, xunto coa documentación necesaria para o desenvolvemento da sesión, será remitida cunha antelación de 5 días hábiles, agás no caso da sesión extraordinaria e urxente. Neste caso, deberá respectarse un prazo mínimo de 2 días hábiles.*
- 5. As Xuntas de Escola poderán celebrarse en calquera período do ano, lectivo ou non lectivo, agás no mes de agosto.*
- 6. Sempre que a Xunta de Escola se celebre un día de clases, suspenderanse estas dende a media hora seguinte á da primeira convocatoria ata, polo menos, dúas horas despois desta, agás no caso en que se prevexa que a duración da sesión vaia ser breve, en que, excepcionalmente, se poderán suspender as clases só unha hora contando a partir da segunda convocatoria.*

Artigo 14.

- 1. A orde do día será elaborada polo/a director/a, asistido polo/a secretario/a e mais o equipo directivo.*
- 2. Na orde do día figurarán inescusablemente os puntos de aprobación da acta da sesión ou das sesións anteriores, e de rogos e preguntas, salvo que a sesión da Xunta de Escola sexa extraordinaria.*
- 3. Todas as preguntas presentadas por escrito ao/á director/a ata 48 horas antes da celebración da Xunta de Escola deberán ser contestadas, agás nos casos xustificadas, no punto de rogos e preguntas da mesma.*

4. *As preguntas formuladas durante a Xunta de Escola no punto de rogos e preguntas que non sexan contestadas na mesma sesión deberán ser respondidas polo/a director/a na seguinte Xunta de Escola.*
5. *Deberán ser incluídos na orde do día os puntos solicitados por acordo da sesión anterior e os que, previamente, soliciten por escrito un 10% dos membros da Xunta de Escola ou por unha maioría dos membros dun sector (PDI, alumnado ou PAS) cando sexa da súa exclusiva incumbencia.*

Artigo 15.

1. *Para a válida constitución da Xunta de Escola será necesaria en primeira convocatoria a metade mais un dos seus membros. En segunda convocatoria, que se celebrará media hora máis tarde, constituirase validamente cun terzo dos seus membros.*
2. *De non conseguirse a constitución en segunda convocatoria, deberase convocar á maior brevidade posible unha nova Xunta de Escola, que se celebrará, en calquera caso, antes de transcorridos 14 días hábiles.*

Artigo 16.

1. *Correspóndelle ao/á director/a, como presidente da Xunta de Escola, a apertura da sesión.*
2. *O/A director/a dirixirá e ordenará os debates. Fixará o tempo de debate para cada tema e, en función dos pedimentos de palabra, determinará a duración de cada intervención. O/A director/a prolongará o tempo de debate en caso de que a maioría simple dos membros presentes considere que o tema non queda suficientemente debatido.*
3. *Os membros da Xunta de Escola teñen dereito ao uso da palabra en relación con calquera punto da orde do día. Ninguén poderá ser interrompido cando fala, senón para ser chamado á orde ou a cingirse ao tema polo/a director/a. O/A director/a poderá retirar o uso da palabra despois de dúas chamadas á orde.*
4. *Os membros da Xunta de Escola poderán ser chamados á orde cando, con interrupcións, ou de calquera outra forma, alteren a orde das sesións, cando pretendan facer uso da palabra sen solicitarllo previamente ao/á director/a e obter permiso, ou cando pretendan seguir facendo uso da palabra unha vez que lle fose retirada.*
5. *En calquera momento do debate, un membro da Xunta de Escola poderá pedirlle ao/á director/a a observancia de cuestións de orde do presente regulamento, citando expresamente o artigo ou artigos para os que reclama a súa aplicación.*
6. *O/A director/a concederá o dereito de resposta por alusións, de estimalo procedente, durante o período de tempo fixado.*
7. *No suposto de excesiva duración da sesión da Xunta de Escola, o/a director/a disporá a interrupción desta, fixando a data e hora en que deberá continuarse.*

Artigo 17.

- 1. Os acordos adoptaranse pola maioría simple de votos a favor dunha proposta, salvo no disposto expresamente para determinados temas neste regulamento. Non se adoptarán acordos válidos se no momento da votación non estivese presente polo menos o quórum correspondente á segunda convocatoria da Xunta de Escola.*
- 2. As votacións poden ser por asentimento coa proposta formulada, públicas a man alzada, e secretas cando o solicite algún dos membros presentes. En todo caso, as votacións serán secretas cando afecten a persoas concretas.*
- 3. Non se admitirá a delegación de voto, nin o voto anticipado, nin o voto por correo.*

Artigo 18.

- 1. O/A secretario/a da Xunta de Escola levantará acta de todas as súas sesións.*
- 2. En cada acta figurarán inescusablemente:*
 - a) Os membros da Xunta de Escola, nominalmente designados, que asistiron á sesión, subliñando as ausencias xustificadas.*
 - b) A orde do día.*
 - c) Os acordos e propostas, especificando se foron adoptados por unanimidade ou por maioría, facendo constar o número exacto dos votos emitidos, o sentido dos mesmos e as abstencións.*
- 3. Na acta incluíranse os textos literais dos acordos e propostas e un resumo dos informes e debates, así como calquera mención relacionada cos puntos da orde do día, sempre que os membros da Xunta de Escola, individual ou colectivamente, expresen no transcurso da sesión o seu desexo de que figure expresamente, para o que presentarán por escrito ou indicarán o texto.*
- 4. Cada acta será asinada polo/a secretario/a da Xunta de Escola co visto e prace do/da presidente da sesión reflectida.*
- 5. Co fin de que se remitan debidamente rexistradas as obxeccións á acta correspondente, as actas serán publicadas, pendentes de aprobación, na web do centro nun prazo máximo de 5 días hábiles tras a celebración da Xunta de Escola, e nunca máis tarde de 3 días hábiles antes da celebración da sesión na que se aprobará o documento.*

Artigo 19.

- 1. As actas de cada sesión, unha vez aprobadas, incluíranse no libro de actas, que quedará baixo a custodia do/a secretario/a, que permitirá a súa consulta a calquera membro da Xunta de Escola. As actas aprobadas publicaranse na páxina web da Escola.*
- 2. Darase fe dos acordos e propostas da Xunta de Escola mediante certificacións expedidas polo/a secretario/a do centro.*
- 3. As certificacións poderán expedirse:*
 - De oficio por requirimento do Claustro, do Consello de Goberno, dos órganos das administracións públicas ou de órganos xudiciais no exercicio da*

súa competencia.

- *A instancia de calquera membro da Xunta de Escola. Neste último caso o contido das certificacións versará sobre a parte decisoria dos acordos e propostas.*
4. *A notificación administrativa de calquera asunto que fose sometido á Xunta de Escola comprenderá o acordo literal tomado por esta.*
 5. *Nas certificacións de acordos adoptados, emitidos con anterioridade á aprobación da acta, farase constar expresamente esta circunstancia.*

CAPÍTULO IV

DA COMISIÓN PERMANENTE, DELEGADA DA XUNTA DE ESCOLA

Artigo 20.

- 1. Sen prexuízo das comisións específicas que a Xunta de Escola poida establecer, no uso das súas competencias e na forma que determine para temas concretos, créase a Comisión Permanente.*
- 2. Esta comisión delegada terá carácter consultivo, agás naqueles casos que a Xunta de Escola, mediante acordo expreso, ou o presente regulamento lle outorgue competencias executivas. Estará presidida polo/a director/a ou persoa en quen delegue.*

Artigo 21.

- 1. A misión da Comisión Permanente é preparar os asuntos para a reunión da Xunta de Escola a través do estudo e informes previos dos asuntos correspondentes ao seu ámbito de competencia.*
- 2. Os informes emitidos por esta comisión non terán carácter vinculante respecto das decisións da Xunta de Escola.*
- 3. Será tamén competencia desta comisión informar ou elaborar propostas sobre os asuntos do seu ámbito que lle presente o/a director/a ou a propia Xunta de Escola.*

Artigo 22.

- 1. A Comisión Permanente estará integrada por trece membros titulares:*
 - O/A director/a ou persoa en quen delegue.*
 - O/A secretario/a da escola.*
 - Un/ha subdirector/a da escola.*
 - Un/ha profesor/a de 1º curso dos Graos impartidos na Escola.*
 - Un/ha profesor/a de 2º curso dos Graos impartidos na Escola.*
 - Un/ha profesor/a de 3º-4º curso do Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.*
 - Un/ha profesor/a de 3º-4º curso do Grao de Enxeñaría da Enerxía.*
 - Un/ha profesor/a por cada Mestrado impartido na Escola*
 - Catro estudantes.*
 - Un membro do persoal de administración e servizos.*
- 2. A Comisión Permanente estará composta por membros natos e membros electos. Os segundos serán elixidos separadamente en cada un dos sectores da Xunta de Escola (profesores/as, estudantes e persoal de administración e servizos), por e entre os membros da Xunta de Escola.*

- a) *As eleccións faranse cada dous anos por sufraxio libre, igual, directo e secreto dentro dunha sesión da Xunta de Escola. Non se admitirá a delegación de voto, nin o voto anticipado, nin o voto por correo.*
- b) *Os/As candidatos/as ás comisións presentaranse xunto cun suplente ou suplentes. Ningún membro se pode presentar como candidato/a e suplente na Comisión. No caso do alumnado, os suplentes poderán representar a calquera titular.*
- c) *Para a elección dos profesores que integran a Comisión, poderán presentarse en cada un dos sectores as persoas que teñan docencia no correspondente curso/titulación.*
- d) *Co fin de garantir a pluralidade nos membros do sector de PDI, non poderá haber dous membros electos da mesma área de coñecemento na Comisión, excepto nos casos nos que non sexa posible por razón fundamentada e obxectiva debidamente motivada.*

CAPÍTULO V

DAS FUNCIONES DA COMISION PERMANENTE DA XUNTA DE ESCOLA

Artigo 23.

A Comisión Permanente será competente e terá funcións executivas en todos os asuntos relacionados coa organización e Calidade da docencia, e especialmente para:

- a) *Pronunciarse sobre todos os asuntos de competencia directa do director, que este someta á súa consideración.*
- b) *Informar, perante a Xunta de Escola, as peticións de recoñecemento de quinquenios de docencia.*
- c) *Aprobar os títulos e os tribunais dos Proxectos de Fin de Carreira.*
- d) *Aprobar os títulos e tribunais de Traballos Fin de Grao.*
- e) *Acordar as validacións e os recoñecementos de materias ou créditos.*
- f) *Admitir a trámite as solicitudes de avaliación curricular.*
- g) *Resolver os asuntos que no período lectivo (sen clases reguladas) sexan de carácter urxente, non se poidan pospoñer por razón de prazos e non se poidan resolver por falta de quórum para celebrar a Xunta de Escola.*
- h) *Resolver os asuntos de trámite e exercer todas aquelas funcións que delegue nela a Xunta de Escola.*

CAPÍTULO VI

DA CONVOCATORIA E FUNCIONAMENTO DA COMISION PERMANENTE

Artigo 24.

- 1. As sesións da Comisión Permanente poden ser ordinarias ou extraordinarias. As sesións ordinarias teranse que celebrar polo menos unha vez ao trimestre. As sesións extraordinarias estarán dedicadas a tratar un só tema ou varios temas de natureza complementaria.*
- 2. As reunións celebraranse preferiblemente no día e horas habilitadas para reunións nos horarios de clase durante o período lectivo. Fora do período lectivo, celebraranse en días administrativamente hábiles.*

Artigo 25.

- 1. As reunións da Comisión Permanente serán convocadas polo/a Secretario/a da Escola*
- 2. As convocatorias das reunións da Comisión Permanente realizaranse mediante un comunicado dirixido por correo electrónico a todos os membros da comisión.*
- 3. O comunicado enviárase como mínimo con 5 días hábiles de antelación, excepto no caso de convocatorias extraordinarias e urxentes, neste caso o comunicado enviarase polo menos con 2 días de antelación.*
- 4. Na convocatoria especificarase o día, hora e lugar no que terá lugar a reunión.*
- 5. Incluirá unha orde do día cos temas que se van a tratar. Sempre conterá a aprobación ou modificación das actas de reunións anteriores pendentes de aprobación e un punto de rogos e preguntas. Así mesmo, na convocatoria indicarase onde se pode consultar e conseguir a documentación necesaria para o desenvolvemento da sesión.*

Artigo 26.

- 1. Para a súa válida constitución será necesaria a presenza de, polo menos, seis dos seus membros.*
- 2. Corresponde a Director/a presidir as sesións e moderar os debates, e procurar que todos os asistentes con voz poidan expor adecuadamente o seus puntos de vista, sen diminución da necesaria axilidade no desenvolvemento das sesións.*
- 3. As sesións desta comisión estarán abertas aos membros da comunidade universitaria no seu ámbito. Ademais, a comisión poderá invitar a membros da comunidade universitaria nos termos fixados nos Estatutos da Universidade de Vigo.*

Artigo 27

1. *Os acordos adoptaranse por maioría simple de votos a favor dunha proposta. As votacións poden ser por asentimento coa proposta formulada, publicas a man alzada, ou secretas cando afecten a persoas concretas. No se admitirá a delegación de voto, nin o voto anticipado, nin o voto por correo.*

Artigo 28

1. *O/A Secretario/a da Comisión Permanente Comisión levantará acta de todas as reunións, que enviara por correo electrónico a todos os membros da comisión. Unha vez aprobada publicarase na web do centro de modo que este dispoñible para toda a comunidade universitaria.*
2. *Na acta figurará inescusablemente: a data, os temas tratados, os acordos acadados, os membros da comisión que asistiron a sesión, sinalando as ausencias xustificadas. Serán asinadas polo/a Secretario/a co visto e prace do/da Director/a da Escola.*

CAPÍTULO VII

DA COMISIÓN DE GARANTÍA INTERNA DE CALIDADE

Artigo 28.

- 1. Sen prexuízo das comisións específicas que a Xunta de Escola poida establecer, no uso das súas competencias e na forma que determine para temas concretos, créase a Comisión de Garantía Interna de Calidade.*
- 2. Esta comisión terá carácter consultivo, agás naqueles casos que a Xunta de Escola, mediante acordo expreso, ou o presente regulamento lle outorgue competencias executivas. Estará presidida polo/a director/a ou persoa en quen delegue.*

Artigo 29.

- 1. A Comisión de Garantía Interna de Calidade é o órgano que participa nas tarefas de planificación e seguimento do SGIC, actuando ademais como un dos vehículos de comunicación interna da política, obxectivos, plans, programas, responsabilidades e logros deste sistema.*
- 2. Rexerase polo Manual de Calidade da ETSE de Minas.*

Artigo 30.

- 1. A Comisión de Garantía Interna de Calidade estará integrada, polo menos, por os seguintes membros:*
 - Director/a do centro, que a preside.*
 - Coordinador/a de Calidade, que actuará como secretario/a*
 - Coordinador/a de cada unha das titulacións de grao do centro, ou persoa en quen delegue.*
 - Coordinador/a de cada unha das titulacións de mestrado do centro, ou persoa en quen delegue.*
 - O/A Enlace de Igualdade.*
 - Unha persoa representante do profesorado da Escola.*
 - Unha persoa representante do alumnado do centro.*
 - Unha persoa representante dos egresados.*
 - O/A administrador/a do centro ou persoa en quen delegue.*
 - Unha persoa representante da sociedade.*
 - Un membro da Área de Calidade.*
- 2. A proposta da composición da Comisión de Garantía Interna de Calidade, a excepción do membro da Área de Calidade que será designado por a dirección da mesma, será presentada polo/a director/a da Escola á Xunta de Escola para a súa aprobación.*

3. *De acordo cos estatutos da Universidade de Vigo, a dirección da Escola velará polo principio de presenza equilibrada de mulleres e homes na Comisión de Garantía Interna de Calidade, excepto nos casos nos que non sexa posible por razón fundamentada e obxectiva debidamente motivada.*
4. *Os membros da Comisión de Garantía Interna de Calidade renovaranse cada dous anos*

CAPÍTULO VIII

DAS FUNCIONES DA COMISION DE GARANTIA INTERNA DE CALIDADE

Artigo 31.

Son funcións da Comisión de Garantía Interna de Calidade:

- a) Debater e validar, se procede, a proposta da política e os obxectivos de calidade.*
- b) Debater e validar, se procede, a proposta do Manual de calidade e os procedementos do SGIC do centro.*
- c) Realizar o seguimento dos distintos programas ligados á mellora da calidade no centro e titulacións adscritas, así como propoñer as melloras pertinentes.*
- d) Colaborar coa implantación, desenvolvemento e seguimento do SGIC.*
- e) Debater, propoñer e realizar o seguimento das accións de mellora de calidade, co fin de potenciar continuamente a calidade da docencia en todos os medios e procesos que nela inflúen, mediante unha colaboración constante cos departamentos e outros órganos colexiados que teñan responsabilidades neste ámbito.*
- f) Participar activamente en todos aqueles procesos académicos relativos á oferta formativa do centro (novas titulacións, modificación e/ou suspensión ou extinción das existentes), elaborando un informe valorativo se o consideran oportuno, ou é procedente de acordo coa normativa vixente.*
- g) Intercambiar, debater e propoñer a participación do centro en planes institucionais, nacionais e internacionais en materia de calidade.*

CAPITULO IX

DA CONVOCATORIA E FUNCIONAMENTO DA COMISION DE GARANTIA INTERNA DE CALIDADE.

Artigo 32

- 1. As sesións da Comisión de Garantía Interna de Calidade poden ser ordinarias ou extraordinarias. As sesións ordinarias teranse que celebrar polo menos unha vez ao semestre. As sesións extraordinarias estarán dedicadas a tratar un só tema ou varios temas de natureza complementaria.*
- 2. As reunións celebraranse preferiblemente no día e horas habilitadas para reunións nos horarios de clase durante o período lectivo. Fora do período lectivo, celebraranse en días administrativamente hábiles.*

Artigo 33.

- 1. As reunións da Comisión de Garantía Interna de Calidade serán convocadas polo/a Secretario/a da comisión.*
- 2. As convocatorias das reunións da Comisión de Garantía Interna de Calidade realizaranse mediante un comunicado dirixido por correo electrónico a todos os membros da comisión.*
- 3. O comunicado enviárase como mínimo con 5 días hábiles de antelación, excepto no caso de convocatorias extraordinarias e urxentes, neste caso o comunicado enviarase polo menos con 2 días de antelación.*
- 4. Na convocatoria especificarase o día, hora e lugar no que terá lugar a reunión.*
- 5. Incluirá unha orde do día cos temas que se van a tratar. Sempre conterá a aprobación ou modificación das actas de reunións anteriores pendentes ~~de aprobación~~ e un punto de rogos e preguntas. Así mesmo, na convocatoria indícarase onde se pode consultar e conseguir a documentación necesaria para o desenvolvemento da sesión.*

Artigo 34.

- 1. Para a súa válida constitución será necesaria a presenza de, polo menos, seis dos seus membros.*
- 2. Corresponde ao/á Director/a presidir as sesións e moderar os debates, e procurar que todos os asistentes con voz poidan expor adecuadamente o seus puntos de vista, sen diminución da necesaria axilidade no desenvolvemento das sesións.*
- 3. As sesións desta comisión estarán abertas aos membros da comunidade universitaria no seu ámbito. Ademais, a comisión poderá invitar a membros da comunidade universitaria nos termos fixados nos Estatutos da Universidade de Vigo.*

Artigo 35.

1. *Os acordos adoptaranse por maioría simple de votos a favor dunha proposta. As votacións poden ser por asentimento coa proposta formulada, públicas a man alzada, ou secretas cando afecten a persoas concretas. Non se admitirá a delegación de voto, nin o voto anticipado, nin o voto por correo.*

Artigo 36.

1. *O/A Secretario/a da Comisión de Garantía Interna de Calidade Comisión Permanente Comisión levantará acta de todas as reunións, que enviará por correo electrónico a todos os membros da comisión. Unha vez aprobada publicarase na web do centro de modo que este dispoñible para toda a comunidade universitaria.*
2. *Na acta figurará inescusablemente: a data, os temas tratados, os acordos acadados, os membros da comisión que asistiron a sesión, sinalando as ausencias xustificadas. Serán asinadas polo/a Secretario/a co visto e prace do/da Director/a da Escola.*

CAPÍTULO X

DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS DE GOBERNO

Artigo 36.

Os órganos unipersoais de goberno da Escola están desempeñados polas persoas integrantes do equipo de dirección da mesma. En consonancia cos Estatutos da Universidade de Vigo, os órganos unipersoais de goberno estarán suxeitos ao réxime de dedicación a tempo completo na Universidade de Vigo.

Forman parte do equipo de dirección:

- a) O/A director/a*
- b) Os/As subdirectores/as*
- c) O/A secretario/a*

Artigo 37.

- 1. O/A director/a será elixido pola Xunta de Escola e nomeado polo reitor/a, de entre o profesorado con vinculación permanente á Universidade, adscrito a este centro.*
- 2. O/A director/a será elixido por un período de tres anos con posibilidade dunha soa reelección consecutiva.*
- 3. O/A director/a designará aos subdirectores/as de entre todos os membros do centro, que serán nomeados polo/a reitor/a.*
- 4. O/A secretario/a do centro será designado polo/a director/a de entre o persoal do centro, e será nomeado polo/a reitor/a.*

Artigo 38.

O/A director/a da Escola, asistido polo seu equipo directivo, é o responsable da dirección e xestión do centro, e ten as seguintes funcións:

- a) Exercer a representación da Escola.*
- b) Presidir e coordinar a actuación dos órganos colexiados da Escola.*
- c) Convocar a Xunta de Escola.*
- d) Executar os acordos da Xunta de Escola.*
- e) Supervisar o funcionamento dos servizos da Escola.*
- f) Dirixir a xestión ordinaria da Escola.*

g) *Propoñer, oída a Xunta de Escola, a iniciación de expediente disciplinario a calquera dos membros da Escola. No caso dun profesor, a proposta dirixirase ao departamento correspondente.*

h) *Velar polo cumprimento dos horarios docentes e de titorías.*

i) *Todas aquelas que lle atribúan a lexislación vixente e os Estatutos da Universidade.*

Artigo 39.

Son competencias e funcións dos/as subdirectores/as dirixir e coordinar baixo a autoridade do/a director/a a área de competencia que este lles asigne. De existiren varios/as subdirectores/as, o/a director/a designará a que teña que substituílo en caso de ausencia ou enfermidade.

Artigo 40.

Son competencias do/a secretario/a:

- a) *Redactar as actas, gardalas e dar fe dos acordos adoptados polos órganos de goberno da Escola.*
- b) *Custodiar os libros de actas.*
- c) *Expedir os documentos e certificacións das actas dos acordos dos órganos da Escola.*
- d) *Coidar a publicidade dos acordos e resolucións dos órganos de goberno da Escola, de acordo co establecido nos Estatutos da Universidade de Vigo e neste regulamento.*
- e) *Organizar os actos solemnes da Escola e vixiar o cumprimento do protocolo.*
- f) *Calquera outra función que lle delegue o/a director/a da Escola.*

Artigo 41.

1. *O/A director/a será elixido polo pleno da Xunta de Escola, reunida en sesión extraordinaria, mediante sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto. No caso de ser candidato/a único ten que acadar maior número de votos a favor que en contra.*
2. *Esta elección rexerase polo establecido na lexislación vixente que lle sexa de aplicación, polos Estatutos da Universidade de Vigo e polo correspondente regulamento, aprobado polo Consello de Goberno da Universidade.*

Artigo 42.

O/A director/a poderá cesar por finalización do seu mandato, por pedimento propio, perda das condicións necesarias para ser elixido e por moción de censura nos termos establecidos nos Estatutos e no presente regulamento.

Artigo 43.

- 1. A Xunta de Escola pode esixirlle responsabilidade ao/a director/a mediante a presentación dunha moción de censura.*
- 2. A moción de censura deberá ser presentada no rexistro xeral ou nalgún dos rexistros auxiliares da Universidade considerados como válidos para a presentación de documentos, coas sinaturas, polo menos, dun 25% dos membros da Xunta de Escola e conterá as razóns que a fundamentan, e o nome do/a candidato/a alternativo/a.*
- 3. Se a moción de censura reunise os requisitos anteriores, o/a director/a estará obrigado a convocar unha Xunta de Escola extraordinaria con este único punto da orde do día, dentro dos seguintes quince días hábiles á recepción do escrito de moción no rexistro da Escola.*
- 4. Aberta a sesión, o/a candidato/a alternativo disporá dun tempo de corenta e cinco minutos para expoñer os argumentos nos que fundamenta a súa moción. O/A director/a disporá a continuación de igual tempo para o uso da palabra. A continuación abrirase unha quenda de intervencións, distribuíndose o tempo en función do número de peticións de palabra solicitadas. En todo caso, o/a candidato/a alternativo e o/a director/a disporán cada un deles dun tempo de quince minutos para rematar o debate.*
- 5. Concluído o debate procederase a votar a moción de censura, segundo o procedemento establecido no Regulamento para a elección de decanos-as/directores-as de centros.*
- 6. A aprobación da moción de censura requirirá o voto afirmativo da maioría absoluta dos membros da Xunta de Escola.*
- 7. Se a moción de censura fose aprobada, o/a secretario/a da Escola remitirá a acta correspondente ao reitor/a, para que se proceda ao nomeamento do/a novo/a director/a.*
- 8. Se a moción de censura non obtivese os votos necesarios, consideraríase rexeitada, e cada un dos asinantes da mesma non poderán subscribir outra moción de censura no prazo dun ano.*

Artigo 44.

Os/As subdirectores/as e o/a secretario/a cesarán por pedimento propio, por decisión do/a director/a, por finalización do mandato do/a director/a e por perda das condicións necesarias para ser nomeados.

CAPÍTULO XI

DAS XUNTAS DE TITULACIÓN E DAS COMISIONS ACADÉMICAS DOS MESTRADOS

Artigo 45.

- 1. Segundo o artigo 44 dos Estatutos da Universidade de Vigo, as Xuntas de Titulación son os órganos encargados de elaborar, aprobar e modificar para cada titulación de grao as propostas do plan de estudos. Terán, ademais, todas as competencias que se lles atribúan pola normativa correspondente.*
- 2. A Xunta de Titulacións terá a composición e as funcións ditadas pola normativa en vigor da Universidade de Vigo.*
- 3. As Comisións Académicas dos Mestrado son os órganos encargados de elaborar, aprobar e modificar para cada titulación de Mestrado as propostas do plan de estudos. Terán, ademais, todas as competencias que se lles atribúan pola normativa correspondente.*
- 4. A Comisión Académica do Mestrado debera aprobar o seu propio Regulamento de Réxime Interno que conterà polo menos a composición e as funcións ditadas pola normativa en vigor da Universidade de Vigo.*

CAPÍTULO XII

DO FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA DELEGACIÓN DE ALUMNADO DA ESCOLA

Artigo 46.

- 1. A Xunta de Escola facilitaralles, na medida das súas posibilidades, ao alumnado as instalacións, os medios materiais e económicos necesarios para o desenvolvemento das actividades extraordinarias que poidan contribuír a mellorar a súa formación.*
- 2. Para tal fin, a Xunta de Escola, na medida das súas posibilidades, porá a disposición da Delegación de Alumnado os medios necesarios para o desenvolvemento das súas actividades.*
- 3. A Delegación de Alumnado terá autonomía para:*
 - a) Elaborar o seu orzamento e xestionar os seus recursos.*
 - b) Elixir os seus representantes perante calquera autoridade, institución ou organización.*
 - c) Crear todas as seccións de actividades que consideren precisas para lograr os seus fins.*
 - d) Solicitar e recibir outros fondos de financiamento doutras instancias da Universidade e, tamén, de institucións externas á mesma, tanto privadas como públicas.*
- 4. O estado de contas da Delegación de Alumnado estará a disposición da Xunta de Escola sempre que esta o requira.*

Artigo 39.

- 1. A Delegación de Alumnado elaborará o seu Regulamento de réxime interno nun prazo de seis meses a partir da data de entrada en vigor deste regulamento, do que deberá ser entregada unha copia á Xunta de Escola.*

CAPÍTULO XIII

DA APROBACIÓN E REFORMA DESTE REGULAMENTO

Artigo 40.

- 1. A iniciativa para reformar o presente regulamento correspóndelle ao director/a ou a un 20% dos membros da Xunta de Escola.*
- 2. As propostas de reforma dirixidas ao/á presidente/a da Xunta de Escola deberán acompañarse dun texto articulado e da argumentación en que se fundamentan.*
- 3. O debate para a reforma do Regulamento terá lugar nunha sesión extraordinaria da Xunta de Escola.*
- 4. Previamente ao debate para reformar o Regulamento someterase a consideración da Xunta de Escola a conveniencia de proceder á súa reforma, e no caso de considerarse adecuado, abrirase un prazo de presentación de emendas e suxestións ao texto presentado.*
- 5. A reforma do Regulamento requirirá a maioría de votos afirmativos dos membros da Xunta de Escola.*

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

A presente proposta de Regulamento considérase aprobada se obtén a maioría de votos afirmativos dos membros da Xunta de Escola.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo.